

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FRNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 28 de novembro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, a actuación de instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Camiño Real, número 6.

Tamén se acorda conceder as seguintes licenzas: para a instalación dun ascensor no edificio, construído coa licenza de obra número 46/1973, sito en solo urbano, na praza de Alacante, número 1; para a legalización de reformas da vivenda 5º B no edificio con licenzas de obra nº 206/06, 886/06, 910/06, 1138/09, 381/11 e 611/11, sito na rúa da Baixa, número 2.

Acórdase conceder a licenza de primeira utilización parcial para o edificio sito na rúa Manuel María nº 19 -21 (Fase I da edificación da parcela 2 do proxecto de compensación da Unidade de Actuación N-12), con licenzas de obra nº 1642/05 e 391/07.

Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra a resolución adoptada por Decreto de Alcaldía nº 12007039 para vivenda unifamiliar, sita en Rubiana - Santiago de Meilán, con licenza de obra nº 259/92.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación provisional do Plan especial de dotacións para centro xeriátrico en Agro Rigueira (Santiago de Afora).

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg50.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-12-2012

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.-

Así mesmo, dáse conta do informe da asesoría xurídica do 28 de novembro de 2012 e acordase pedir informe ao Servizo de Persoal.

Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de delineante pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Así mesmo, acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal.

Acórdase a desestimación da solicitude formulada para recoñecemento de compatibilidade e, polo tanto, declaración de incompatibilidade para o exercicio de actividade privada.

Acórdase a integración dos funcionarios integrados (con ingreso anterior ó 1 de abril de 1993) e os seus beneficiarios, no réxime xeral da Seguridade Social.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión de prezos para o ano 2013 das tarifas para os tres aparcadoiros soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa.

Tamén se acorda aprobar a revisión de prezos do contrato correspondente ao servizo de Atención Telefónica aos Cidadáns (010) no Concello de Lugo, para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2012 e o 31 de decembro de 2012.

Acórdase a execución da Sentenza número 128/11, de 3 de maio, ditada pola Ilma. Sra. Maxistrada-Xuíz titular do Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de Lugo, pola que se estimou o recurso contencioso-administrativo contra a resolución de 17 de xuño de 2009 ditada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en relación coa contratación da xestión do servizo público de regulación de aparcadoiros na vía pública (ORA) no Concello de Lugo.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre

construcións, instalacións e obras, ó denegarse a licenza solicitada para instalación dunha estación base de telefonía móbil e diversas actuacións na planta baixa no edificio sito na rúa Río Eume, 21.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza de obras solicitada para construción de vivenda unifamiliar illada en Trasnales, Ombreiro.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase aprobar a Addenda nº 1 ao convenio asinado o 16/12/2011, pola Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, S.A. (Acuanorte) e o Concello de Lugo, para a execución e explotación da actuación “Colectores generales del río Miño en Lugo (segunda fase) - actualización de la inversión y del esquema de financiación”.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Dopeso García.